

Elaborado anualmente polo Institut Cerdà

A TENDA DE INTERNET “EROSKI AZOKA” ENTRE OS PROXECTOS MÁIS DESTACADOS NO OBSERVATORIO DE INNOVACIÓN DE GRAN CONSUMO 2022

- O proxecto de EROSKI foi unha das vinte innovacións presentadas esta mañá no Salón de Actos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en Madrid
- O Observatorio destacou o *marketplace* de produtos de proximidade que puxo en marcha EROSKI por ser o primeiro en empregar a loxística e a rede de tendas de distribución para a entrega de pedidos de pequenos produtores de proximidade
- A aposta pola sustentabilidade, a contribución á mellora da cohesión social e territorial, a focalización no consumidor e o incremento da eficiencia da cadea son os catro motores que impulsou este ano o Observatorio de Innovación en Gran Consumo

Elorrio, 9 de febreiro do 2023.- A sexta edición do [Observatorio de Innovación en Gran Consumo en España](#), elaborado anualmente polo Institut Cerdà, recoñeceu o *marketplace* de EROSKI para produtores locais, [EROSKI AZOKA](#), durante a presentación celebrada esta mañá no Salón de Actos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en Madrid. Na súa sexta edición, o Observatorio de Innovación presentou os novos retos e os vinte proxectos máis innovadores do sector, entre os que se atopa esta iniciativa de EROSKI que, en palabras da directora comercial de Produtos Locais de EROSKI, Asun Bastida, é *“unha oportunidade para a xeración dunha comunidade, dun ecosistema que se apoie en dous valores fundamentais: sustentabilidade e responsabilidade social. A web é un punto de apoio que nos permite levar á práctica que é ser unha cooperativa, facer as cousas dun xeito diferente e en colaboración con produtores de proximidade”*.

O Observatorio destaca por primeira vez os catro motores que están a impulsar a innovación na cadea de Gran Consumo en España: a aposta pola sustentabilidade, a contribución á mellora da cohesión social e territorial, a focalización no consumidor e o incremento da eficiencia da cadea.

O proxecto EROSKI AZOKA foi seleccionado entre máis de 300 proxectos por un comité de 16 expertos independentes do Observatorio da Innovación, que destaca este *marketplace* de produtos de proximidade que puxo en marcha EROSKI *“por ser o primeiro en empregar a loxística e a rede de tendas de distribución para a entrega de pedidos. Conta con preto de 300 referencias de alimentación fresca,*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

preparada e de bebidas ofrecidas por unha selección de máis de 60 produtores situados na provincia de Guipúscoa”.

EROSKI AZOKA é unha web independente de eroski.es, pero pódese acceder a ela desde a súa páxina principal e coa posibilidade de utilizar a tarxeta de fidelización EROSKI Club. O cliente pode realizar a compra a través desta web, onde atopará a ficha técnica de cada produto e mais a do produtor. O cliente recibe o pedido no domicilio ou ben pódoo recoller na tenda, nunha zona especial para a recollida. Os clientes poderán atopar produto fresco, produto elaborado e gamas especiais como produtos de quilómetro 0, produtos artesanais ou produtos ecolóxicos locais. Destaca tamén o papel activo do produtor na construción da proposta comercial e na xestión dos seus produtos.

O primeiro punto de recollida de EROSKI AZOKA atópase no centro de Amara, en Donostia. O proxecto inclúe un elemento relacional. Propón a posibilidade de que o propio produtor estea na tenda no momento da entrega do produto para coñecer o cliente e explicarlle como se elabora e resolver as dúbidas que lle poidan xurdir. Organízanse tamén presentacións, degustacións ou eventos con produtores locais para reforzar o valor de proximidade entre cliente e produtor.

Apoio ao sector agroalimentario local

EROSKI comercializa máis de 2.000 produtos procedentes de máis de 300 pequenos produtores agroalimentarios do País Vasco, a quen realiza compras a través de acordos a medio-longo prazo que achegan estabilidade para un sector agroalimentario sostible e altamente diversificado. No conxunto de sectores económicos do País Vasco, EROSKI colabora con 1.900 provedores locais aos que realiza unhas compras anuais superiores aos 650 millóns de euros.

O modelo comercial ‘contigo’ polo que aposta a cooperativa nas súas tendas impulsa un tecido produtivo agroalimentario local altamente diversificado como elemento clave para a sustentabilidade do sector e a súa contribución á economía, a cultura e a paisaxe da contorna próxima a cada unha das súas tendas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)